

Boas a todas e todos!!!

Antes de nada, darvos as grazas porque seguro que tod@s estades a cumprir aquilo de #EuQuedoNaCasa e mandarvos ánimos porque seguro que nos volvemos a ver nun abrir e pechar de ollos.

Para contribuír a que non vos aburrades na casa e que esteades en contacto coa música propóñovos un reto ao que se me ocorreu chamar "Un día menos, unha música máis".

Todos sabedes que a música pode presentarse de moitos xeitos. Segundo cumpla unhas características ou outras, agrúpase dentro dun estilo ou doutro.

Cada día colgarei na web as características dun estilo musical xunto cunha das miñas cancións preferidas para ese estilo.

Propóñovos que, coa axuda de papás e mamás, me propoñades unha canción para cada estilo acompañada de tres palabras que resuman o que dita canción vos fai sentir.

Ao longo destes días irei colgando outras actividades para facer xa por cursos.

Animádevos e entre todos crearemos a Banda sonora da corentena do cole de Vilatuxe.

Un saúdo!!